

**IDIOMA** ■ A AELG adhírese ao manifesto impulsado por colectivos sociais, profesionais e sindicais no que se opoñen ás enquisas realizadas por Educación

## Os escritores galegos critican as medidas "involucionistas" do PP

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) considera "involucionistas" as medidas adoptadas polo Goberno galego respecto da derogación do decreto do galego no ensino e a decisión de modificar a Lei de función pública para eliminar a obriga de realizar na lingua do país como mínimo unha proba de acceso nas oposiciones da Administración.

Nun comunicado, a AELG considera que as actuacións do Executivo de Núñez Feijoo constánse na "anulación de dereitos legais de recoñecemento administrativo da competen-

cia" do galego e tamén na "forzada eliminación da súa aprendizaxe dentro do ámbito educativo". Por estes motivos, os escritores galegos adhírense ao documento impulsado por colectivos sociais, profesionais e sindicais como A Mesa pola Normalización Lingüística, Asociación de Directores e Directivos de IES, AS-PG ou CIG-Ensino. A AELG suscribe así os puntos deste pronunciamento na medida en que "desde a autoridade educativa e no exercicio das súas competencias e responsabilidades gobernerivas, é preciso asegurar a compe-

tencia en lingua galega dos nenos e nenas desde a escola, como garante do desenvolvemento das habilidades lingüísticas que doten a infancia e a mocidade das destrezas básicas: comprender, falar, ler e escribir."

Segundo asegura a asociación que preside Cesáreo Sánchez, "só desde o coñecemento amplio e sen prexúzos é posibel entender un mundo habitado e pensado desde a biodiversidade real, lingüística e cultural, que debe medrar necesariamente desde o manexo das claves do respecto interpersoal." ● **REDACCIÓN**



O escritor Cesáreo Sánchez

DO PSdeG

### Críticas por 'dilapidar' fondos

A portavoz secretaria de Coordinación, Acción Electoral e Política Municipal do PSdeG, Mar Barcón, criticou onte que a Xunta "dilapide" fondos públicos nunha campaña de publicidade sobre a enquisa do uso do galego nas aulas, enquisa que cualificou de "artificial". Barcón recordou que a consulta ten en contra "os sindicatos, os pais, toda a comunidade educativa e o resto das forzas políticas". Ao seu ver, a enquisa non é máis que un "entretemento para gañar tempo" do PPdeG, destinado a "pescudar como sair da lea en que se meteron cando romperon o consenso sobre a lingua".

MARÉ

32 | GALICIA HOXE | 18.06.2009

GALICIA HOXE